

INTERVENCIÓN

LVP/slb

Refª: ispac8705136514239483919.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 22-2024 Patrimonio. Recibos comunidade

DECRETO

EXCMA. SRA. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, ALCALDESA
PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A
MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO PARA DAR COBERTURA AS
OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO QUE SE DERIVAN DO PAGAMENTO A
DIVERSAS COMUNIDADES DE PROPIETARIOS ONDE O CONCELLO DE LUGO TEN
INMOBLES

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 22-2024, por un importe total de 1.652,20 €, dentro do vixente orzamento do exercizo 2024 para dar cobertura ás obrigas de carácter económico que se derivan do pagamento a diversas comunidades de propietarios onde o Concello de Lugo ten inmobles:

- Cota anual da comunidade de rúa Rio Neira 27, baixo:143,53 €.
- Cota anual da comunidade na rúa Campos Novos 114-116-118: 38,16 €.
- Atrasos da anterior comunidade: 1.470,51 €.

Vista a inexistencia de crédito adecuado e suficiente no vixente Orzamento Xeral, solicítase a tramitación dun expediente de transferencia de crédito.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 942/2024, do 21.06.2024 así como o RCMOD núm.: RC Ref.: 40725/2024 por importe de 1.652,20 € do 20.06.2024.

Advertiuse xa pola intervención municipal da excepcionalidade que deberían ter estas modificacións de crédito no exercicio, pero, neste caso, débese considerar que se trata en ambos casos de gasto en bens correntes ou servizos do capítulo 2 por un importe moi reducido, que son gastos de comunidade obrigatorios que dependen das asembleas anuais das comunidades de veciños e que, ademais, corresponde a aplicacións da mesma área de gasto, "Actuacións de carácter xeral", polo que non se afecta a outras áreas ou servizos municipais e unha vez se detraiga da aplicación que cede crédito non poderá esta volver a incrementarse vía transferencias de crédito, polo que se estima admisible neste caso concreto.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 1.652,20 € para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

INTERVENCIÓN

LVP/slb

Refª: ispac8705136514239483919.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 22-2024 Patrimonio. Recibos comunidade

<u>APLICACIONES ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIONES ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>
92008.22001	1.652,20 €	93301.22699	1.652,20 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	1.652,20 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO	1.652,20 €

SEGUNDO: Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.